



> PROGRAMACIÓN EXPANDIDA TRC DANZA 2019

> TEATRO ROSALÍA DE CASTRO >>>> A CORUÑA

> **DEBUXA CO CORPO**

**UNHA CONVOCATORIA PARA O ALUMNADO
DE ILUSTRACIÓN DA ESCOLA DE ARTES E
SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO**

Despois dunha longa relación de diálogo entre a Programación Expandida TRCDanza do Teatro Rosalía de Castro da Coruña e a Escola de Artes e Superior de Deseño Pablo Picasso nos últimos anos lanzamos, por primeira vez, unha convocatoria dirixida ao seu alumnado de Ilustración para a elaboración dunha ilustración que acompañe o noso proxecto **“Comunidades en Movemento 2019”**.

Cremos firmemente que o diálogo entre danza e ilustración é sempre inspirador e por iso esta convocatoria incide de xeito especial en que o corpo e o movemento afecten de xeito protagonista o proceso de elaboración das propostas presentadas.

A convocatoria permanecerá aberta durante todo o mes de novembro e resolverase nos primeiros días de decembro trala reunión do grupo de persoas seleccionadoras designadas pola Programación Expandida TRC Danza e a Escola de Artes e Superior de Deseño Pablo Picasso.

Entregarase unha cantidade de 200 € á autora ou autor da obra seleccionada, en concepto de dereito de uso da ilustración eleixida.

> O TEMA

“Comunidades en movemento” é a presentación pública que terá lugar o vindeiro 11 de decembro no Teatro Rosalía de Castro dos dous procesos de creación creados con distintas comunidades da cidade ao longo do outono. Presentarase, **por unha banda, o proceso de creación “Assablé” levado a cabo co alumnado dos últimos cursos do Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña e, polo outro lado, veremos o resultado do proceso de creación das persoas participantes de “Nunca é tarde para subir ao escenario”, o proceso que facemos en colaboración coa Universidade Senior.**

A información sobre ambos proxectos poderase consultar no listado de referencias que se atopan ao final deste documento e que serán facilitadas polo profesorado do centro.

> PON O CORPO NO TEU DEBUXO

Esta convocatoria incide de xeito especial en que o corpo e o movemento afecten de xeito protagonista o proceso de elaboración das propostas presentadas. Polo tanto **é tan importante a obra resultante como a fundamentación do proceso de elaboración**. Buscamos persoas ilustradoras que teñan vontade de xogar e investigar nos “modos de facer” dándolle un maior valor ao proceso.

Debuxar con música e que os trazos aparezan a ritmo de vals, debuxar coa libreta e o lápiz nas mans ao mesmo tempo que saltas, debuxar co papel no peito doutra persoa mentras bailades ou bailar ata o esgotamento e coller o lápiz xusto despois son simplemente varios exemplos de como deixarnos afectar polo movemento para esta convocatoria especial :-)

Neste sentido, a documentación a presentar virá por partida dobre. Por unha banda, entregarase a obra final en formato dixital (baixo os parámetros indicados no apartado de formato) e, pola outra banda, entregarase un documento PDF que recolla unha explicación do contexto do proceso con reflexións e imaxes sobre a súa elaboración.

O documento do proceso terá que conter un mínimo de 4 imaxes que documenten a experiencia así como reflexións que aborden as seguintes cuestións:

- > Cal foi a idea motor da túa ilustración?
- > Que proposta de corpo e movemento acompañou o proceso desta obra?
- > Transformou algo o teu xeito de abordar o teu traballo como ilustrador/a?
- > Que dificultades e descubrimentos atopaches no proceso?

> O FORMATO

A ilustración final publicaríase como fondo dunha plantilla (da que damos conta no listado de referencias que se atopan ao final deste documento e que serán facilitadas polo profesorado do centro) e tamén publicarase por separado para apreciala de forma independente.

O formato final sería JPEG, resolución 300 ppp e modo RGB, dacordo ao tamaño da plantilla facilitada polo profesorado do centro. A técnica é libre.

> PRAZO DA CONVOCATORIA E ENTREGA DAS PROPOSTAS

> **Convocatoria aberta entre o 1 e o 30 de novembro de 2019.**

> As propostas enviaránse por correo a trcdanza@gmail.com coa seguinte información:

- > Asunto: Convocatoria Debuxa co Corpo - Nome do alumno/a
- > Arquivo adxunto 1 (JPEG) co nome “ConvocatoriaDebuxaCoCorpo_Nome_Apelidos_Obra”.
- > Arquivo adxunto 2 (PDF A4) co nome “ConvocatoriaDebuxaCoCorpo_Nome_Apelidos_Proceso”

> LISTADO DE REFERENCIAS

- > [Web Programación Expandida TRCDanza](http://www.pe-trcdanza.gal) (www.pe-trcdanza.gal)
- > [Vídeo Proceso Assamblé 2018](https://www.vimeo.com/323496868) (www.vimeo.com/323496868)
- > [Vídeo Proceso Nunca é tarde para subir a un escenario 2018](https://www.vimeo.com/320568574) (www.vimeo.com/320568574)
- > Exemplo da imaxe do cartaz 2018 con ilustración de Bea Lema (*)
- > Plantilla cartaz 2019 (*)

(*) Facilitado polo profesorado do centro.